

## **ORDENANZA REGULADORA DA COLOCACIÓN DE ANTENAS DE RECEPCIÓN TELEVISIVA.-**

En cumprimento do disposto no Plan Xeral Municipal de Ordenación, con relación ó establecido no artigo 159 das normas xerais estéticas, capítulo 5 do texto normativo, relativo á defensa da imaxe urbana e ó fomento da súa valoración e mellora, se redacta a presente ordenanza coa finalidade de que as novas construcións e instalacións respondan, na súa composición e deseño, ás características dominantes do ambiente en que se empracen, e en particular os elementos soporte da recepción televisiva, que pola profusión faise preciso concretar para que a súa instalación resulte de axeitada inclusión na imaxe dos núcleos e do territorio.

### **OBRIGA DE CONTRIBUIR**

#### **ARTIGO 1º.**

Toda instalación de antenas, antenas parabólicas e calquera outra destinada á recepción das sinais televisivas estarán sometidas da licenza municipal.

### **SOLICITANTES**

#### **ARTIGO 2º.**

As solicitudes formularáanse polos titulares das instalacións pretendidas, e en particular por :

- 1.- Propietario do inmovible, no caso de edificacións de carácter individual ( vivendas unifamiliares, etc.)
- 2.- Presidente da Comunidade de Propietarios, legalmente constituída, caso de edificio colectivo de vivendas.

### **TRAMITACION**

#### **ARTIGO 3º.-**

Axuntarase á solicitude:

- a) Memoria descriptiva da instalación que se pretende realizar na que se describan as características da antena.
- b) Plano acotado das dimensións e emprazamento con fotografía indicativa.
- c) Orzamento da instalación.

#### **ARTIGO 4º.**

Para a concesión da licencia de instalación será preciso o cumprimento das condicións seguintes:

- 1.- Emprazaránse nas cubertas, dispoñéndose nos puntos altos daqueles faldóns que non sexan visibles dende a vía pública e, preferentemente, baixo a liña de cumio.
- 2.- Non se autorizará a instalación de antenas nos balcóns, terrazas, cornisas e beirados.
- 3.- A instalación non deberá producir perturbación algunha ós usuarios, nin noutras instalacións existentes.
- 4.- Instalaranse preferentemente antenas colectivas, autorizándose as individuais só naqueles casos nos que, en función do número de solicitantes ou calquera outro motivo debidamente xustificado, a instalación colectiva non fora procedente
- 5.- As licencias outorgadas concederanse sen prexuízo dos dereitos da propiedade e dos terceiros, no marco das relacións xurídico-privadas, e sin menoscabo das competencias que outras administracións poidesen ter con relación ás instalacións de que se trate.
- 6.- O Concello poderá denegar ou condicionar calquera actuación relativa ó asunto, que resulte inconvinte, antiestética ou lesiva para a imaxe estética da cidade, do territorio ou dos seus núcleos

## **INFRACCIONS.**

### **ARTIGO 5º.**

As instalacións das antenas sen a preceptiva licencia constitúen unha infracción urbanística, por tratarse dun acto suxeito á mesma. Por tal motivo, si se producira tal circunstancia, poderá ser sancionada conforme o establecido na lexislación do solo de aplicación.

## **APROBACION E VIXENCIA.**

### **ARTIGO 6º.**

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

2.- Esta Ordenanza, que consta de seis artigos, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión extraordinaria de data 17 de novembro do 1998.

**Vº E PRACE,  
O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**